



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO BACHARELATO DE EXCELENCIA STEM (STEMbach) NO MARCO DA ESTRATEXIA EDUCACIÓN DIXITAL 2030.

Santiago de Compostela, na data da última sinatura dixital.

09/04/2024

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16 de maio), e no das atribucións que lle confire o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Doutra, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 110/2022, do 9 de xuño (DOG núm. 117, do 20 de xuño), do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo.

As partes recoñécense reciprocamente, no carácter con que interveñen, plena capacidade xurídica para a sinatura deste convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN:



I. Que o Estatuto de Autonomía de Galicia, na redacción dada pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 31 atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia plena da regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

Ademais, mediante o Real decreto 1763/1982, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensino non universitario.

II. No ámbito da Administración autonómica de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de xestión dos centros de ensino público de educación secundaria situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

III. A ley Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, recolle nos artigos 102, 104, 105 e 106 o compromiso das administracións educativas na planificación da formación permanente do profesorado e no fomento de actividades de investigación e innovación, garantindo unha oferta diversificada e gratuíta e establecendo as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado.

IV. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades está a desenvolver a Estratexia Educación Dixital 2030 que conta, entre os seus obxectivos e accións, con diversas actuacións encamiñadas ao fomento do coñecemento e as vocacións en Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas (en diante, STEM).

A Estratexia Educación Dixital 2030 ten dúas prioridades estratéxicas, concretadas no:

- EIXE 1. Fomentar o desenvolvemento dun ecosistema educativo dixital de alto rendemento
- EIXE 2. Perfeccionar as competencias e capacidades dixitais para unha verdadeira transformación dixital

Existindo dous puntos, principalmente, nos que o bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía alíñase explicitamente coas accións de impacto desta Estratexia Educación Dixital 2030.

- Punto 1. A acción de impacto 3 promove a creación de proxectos STEM, integración curricular dos contidos e competencias da IA, robótica.

- Punto 2. A acción de impacto 9 recolle, entre outras cuestións, o fomento das competencias dixitais no bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía.

V. Ademais, o 8 de abril do 2022, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o acordo mediante o que se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período, así como o Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, ao redor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 4 busca impulsar as capacidades das persoas.

En consecuencia, o presente convenio enmárcase na RIS3, respondendo polo seu carácter transversal aos tres retos e ás tres prioridades. Ten como obxectivo estratéxico asegurar as capacidades das persoas (obxectivo estratéxico 4) e intégrase por tanto no programa Persoas e Talento.

VI. O Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do Bacharelato, no seu artigo 7 menciona que o Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan, entre outras, utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación; acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida; comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos; coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente; afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico e fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sostible.

O Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 8 recolle a competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM) como unha das competencias clave desta etapa e se define no anexo I do mesmo decreto como a competencia que entraña a comprensión do



mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable. No artigo 18 deste mesmo decreto, se menciona, entre outros principios pedagóxicos, que no bacharelato, os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e favorecerán a súa capacidade para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promovelos, e para aplicar métodos de investigación apropiados. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas. Así mesmo, a acción educativa favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

VII. É de interese da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante, Consellería) e a Universidade de Vigo (en diante, UVigo) traballar o impulso á promoción do talento dixital , fomentando as vocacións científico-tecnolóxicas entre a mocidade; e con especial atención á redución da fenda de xénero, e así contribuír ao aumento da taxa de mulleres en carreiras técnicas. Seguindo, as liñas marcadas no eixe 7. Economía Dixital e Sostible da Estratexia Galicia Dixital 2030, que a estratexia da Xunta para Galicia, que asegura o aliñamento, coordinación e complementariedade das actuacións no ámbito dixital impulsadas dende as distintas Administracións no territorio actúan.

Por outra banda, a inclusión e a igualdade de xénero están entre os valores que de carácter transversal deben estar presente e guiarán todas as accións da Estratexia educación dixital 2030 da Consellería, Edudixital 2030, co obxectivo de garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade para todas as persoas

VIII. Esta Consellería regula, dende o ano 2018, mediante diferentes resolucións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, o bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach) na Comunidade Autónoma de Galicia.

No bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach) o alumnado e o profesorado responsable das distintas materias poderán acadar a excelencia nos seus coñecementos, cunha metodoloxía baseada na investigación como principio esencial, realizando prácticas para coñecer as aplicacións reais da ciencia e a técnica, adquirindo unha formación actualizada e autónoma que



estímule futuros estudos universitarios. Neste sentido, o bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach) inclúe a realización de un proxecto de investigación, no que o alumnado poderá afondar sobre calquera ámbito de coñecemento, e que deberá estar codirixido por un docente pertencente a un departamento ou entidade de investigación dependente dalgunha das Universidades da Comunidade Autónoma de Galicia.

IX. Que é de interese para as dúas institucións colaborar para que o alumnado do STEMbach dos centros dependentes da Consellería teñan facilidades para a realización e defensa dos traballos de investigación que deben realizar co máximo rigor e calidade posible.

Consecuentemente con todo o indicado, a Consellería e a UVigo manifestan a súa vontade de asinar un convenio de colaboración con un fin social específico, para a realización das actividades indicadas, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto a colaboración da UVigo nas diversas accións previstas na regulación do bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach)

Segunda. Obrigas da UVigo

Mediante a sinatura deste convenio, a UVigo comprométese a realizar as seguintes actuacións:

- Facilitar á consellería competente en materia de educación, anualmente e con anterioridade ao inicio das actividades lectivas do alumnado, a relación dos departamentos e profesorado universitario que colaborará no desenvolvemento das actividades levadas a cabo no bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach) e, concretamente, na codirección do traballo de investigación en STEMbach.
- Facilitar o desenvolvemento das actividades de investigación do alumnado de STEMbach, de ser o caso, nas súas dependencias e coa debida supervisión do persoal da UVigo e do seu centro educativo.



- Propoñer e impulsar proxectos conxuntos de investigación e innovación entre a UVigo e os centros educativos dependentes da Consellería participantes na convocatoria de Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach)..
- Colaborar na realización de cursos de formación permanente do profesorado da Rede de Formación do Profesorado da Consellería ou no marco do convenio vixente en materia de formación permanente do profesorado coa UVigo.
- Realizar unha avaliación do desenvolvemento das actividades asociadas ao bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach) nas que colaborasen.
- Realizar actividades de difusión dos traballos de investigación realizados polo alumnado do bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach).
- Colaborar e participar no desenvolvemento dun acto de entrega de credenciais para todo o alumnado matriculado en STEMbach.
- Facilitar cantos datos resulten necesarios para avaloración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i.
- Respetar o deber imposto polo artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de protección xurídica do menor, introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. No que se establece que todas as persoas deben cumprir como requisito, para poder acceder e exercer unha profesión ou actividade que implique contacto con menores, non estar condenado, por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, trata de seres humanos ou explotación de menores, dando cumprimento o Convenio relativo á Protección dos Nenos contra a explotación e o abuso sexual, do 25 de outubro do 2007, e a Directiva do Parlamento Europeo e o Consello 2011/93/UE, do 13 de decembro do 2011, relativa á loita contra os abusos sexuais e a explotación sexual dos menores e a pornografía infantil.

Terceira. Obrigas da Consellería

Pola súa parte, a Consellería comprométese a realizar as seguintes actuacións:

- Facilitarlle á UVigo a información necesaria para o axeitado desenvolvemento das actividades mencionadas.



- Velar para que o alumnado dependente dos seus centros respecte escrupulosamente toda a normativa interna da UVigo.
- Propoñer e impulsar proxectos conxuntos de investigación e innovación entre a UVigo e os centros educativos dependentes desta consellería.
- Facilitar a participación do profesorado e persoal investigador que colabora coas accións vinculadas a STEMBach, en especial naquelas que teñan que ver coa divulgación, comunicación social e formación do profesorado.
- Facilitar cantos datos resulten necesarios para avaliación do instrumento no marco da avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos, en particular enquisas do INE, relacionados coa medición da I+D+i.
- Realizar unha avaliación do desenvolvemento das actividades asociadas a STEMBach realizadas conxuntamente coa UVigo.
- Realización dun acto de entrega de credenciais para o alumnado matriculado en STEMBach con avaliación positiva tanto da materia de afondamento STEM extracurricular como da defensa do proxecto de investigación. Será un acto único para todo o alumnado que realice o proxecto de STEMBach coa UVigo.

Cuarta. Beneficios

Mediante a sinatura deste convenio a Consellería comprométese a facilitar ao persoal docente non universitario un certificado de innovación educativa ao remate de cada curso escolar, cunha equivalencia de 50 horas de formación permanente do profesorado para a persoa coordinadora e para o profesorado titor, supeditada á avaliación positiva do desenvolvemento do programa realizada pola comisión de valoración.

No caso de que coincida unha mesma persoa como coordinadora e como titora, a certificación será como coordinadora.

A UVigo comprométese a facilitar ao persoal docente e o alumnado universitario, os seguintes beneficios:

- a) Para o profesorado universitario codirector do traballo de investigación:



- O recoñecemento do seu labor docente no STEMBach para efectos de valoración no complemento retributivo de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora como actividade de formación tutelada oficialmente recoñecida.
 - O recoñecemento do seu labor docente no STEMBach para efectos de valoración en DOCENTIA como actividade de formación tutelada oficialmente recoñecida.
- b) Para o profesorado universitario que conforme os tribunais do traballo de investigación:
- O recoñecemento do seu labor docente no STEMBach para efectos de valoración no complemento retributivo de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora.
 - O recoñecemento do seu labor docente no STEMBach para efectos de valoración en DOCENTIA.
- c) Para o profesorado universitario coordinador do STEMBach na UVigo:
- O recoñecemento do seu labor docente no STEMBach para efectos de valoración no complemento retributivo de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora.
 - O recoñecemento do seu labor docente no STEMBach para efectos de valoración en DOCENTIA.
- d) Para o alumnado matriculado na UVigo que acredite que obtivo o título de STEMBach desde o curso 2019-2020 en diante e que se inscriba e participe no Programa Mentoring STEMBach da UVigo, poderáselle recoñecer 1,5 ECTS por curso académico, ata un máximo de 6 ECTS.

-Quinta. Financiación

A sinatura do presente convenio non implica compromiso de gasto para ningunha das partes asinantes.

Sexta. Rexistro de convenios

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da UVigo á Consellería para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de

transparencia e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Sétima. Vixencia

Este convenio estará vixente durante catro anos desde a data da súa firma, podendo ser prorrogado de maneira expresa mediante as correspondes addendas, cos límites establecidos no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, salvo que sexa denunciado por escrito por algunha das partes, cun mes de antelación polo menos, por incumprimento dos compromisos que nel se recollen.

Oitava. Comisión de coordinación, seguimento e avaliación

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de coordinación, seguimento e avaliación composta por dous/dúas representantes de cada unha das partes asinantes, presidida pola persoa directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue.

As funcións da comisión serán as seguintes:

- Velar e coordinar conxuntamente polo correcto funcionamento das actuacións obxecto deste convenio.
- A avaliación das actuacións, unha vez finalizadas.
- Resolución das discrepancias en orde á interpretación do convenio.
- Adoptar as medidas necesarias para a coordinación das actividades preventivas dos profesionais dunha parte que desenvolven as actividades na outra parte.
- A redacción dos documentos que as partes deberán asinar en relación coa protección de datos de carácter persoal.
- O réxime de propiedade intelectual dos traballos conxuntos.

O réxime xurídico desta comisión será o establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para os órganos colexiados.

Novena. Causas de resolución

Este convenio resolverase polas seguintes causas:

- Transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordada a prórroga do mesmo.
- Mutuo acordo entre as partes para a resolución do convenio.
- Pola substitución por outro convenio.
- Incumprimento por calquera das partes, total ou parcial, dalgún dos seus puntos establecidos no presente convenio.
- Transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.
- Pola imposibilidade sobrevida manifestada por calquera das partes previa xustificación do motivo que a provoca.
- A decisión xudicial declaratoria da súa nulidade.
- Por causas establecidas na lexislación vixente, sen necesidade de xustificación.

Esta resolución do convenio non poderá afectar ás actividades iniciadas pendentes de execución, así como ás persoas beneficiarias efectivas polas actividades xa executadas.

Décima. Recoñecemento e rexistro de actividades de formación

A Consellería, mediante a Orden de 14 de maio do 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro de actividades de formación permanente do profesorado en Galicia recolle, no artigo 37. *"Proxectos de innovación. A participación en proxectos de innovación impulsados polas administracións educativas poderán ter os efectos correspondentes ás actividades de formación permanente. A valoración en horas da formación para cada proxecto virá determinada na convocatoria correspondente ata un máximo de 50 horas por actividades."*

Décima primeira. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.



Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Décima segunda. Cláusula de protección de datos

Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a formalización e o desenvolvemento adecuados deste, e con base no disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asinan catro copias do convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Reitor da Universidade de Vigo
Profesional e Universidades

Román Rodríguez González

Manuel Joaquín Reigosa Roger